

## ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO

*Bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas ao remate de estudos de formación profesional nos centros educativos do concello.*

O Concello de Sanxenxo, a través do organismo autónomo Terra de Sanxenxo, establece unhas axudas ao remate dos estudos de formación profesional no IES Vilalonga, en réxime de concorrencia competitiva, publicidade e transparencia, que son do seguinte teor:

### Primeira.-*Obxecto.*

O Concello de Sanxenxo a través do organismo autónomo Terra de Sanxenxo e desde a Concellaría de Cultura e Educación intenta potenciar a formación profesional en ciclos cun alto potencial de inserción laboral.

### Segunda.-*Beneficiarios e requisitos.*

-Poderán solicitar as axudas ao abeiro destas bases o alumnado matriculado no IES Vilalonga que estea cursando o último curso dalgún dos ciclos formativos de grao medio ou superior impartidos nese centro.

-O alumnado que conorra a esta convocatoria de axudas deberá ter rematada a formación teórica no centro curso por curso en primeira convocatoria.

-Non poderá ter condición de beneficiario das axudas previstas nesta convocatoria o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Terceira.-*Solicitudes e documentación.*

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que poderá recollerse no Rexistro do organismo autónomo Terra de Sanxenxo. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI do solicitante. No caso de que o estudante sexa menor de idade, fotocopia do DNI do pai/nai e do menor.

-Certificado do IES Vilalonga de ter rematados os estudos curso por curso en primeira convocatoria.

-Certificado académico por notas:

-Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2008.

-Certificación expedida pola entidade bancaria, en que consten os datos da entidade e o código da conta en que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

*Cuarta.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

A solicitude, acompañada da documentación requirida presentarase no Rexistro do organismo autónomo Terra de Sanxenxo sito no Pazo Emilia Pardo Bazán, r/ Miraflores, 26 A, Sanxenxo.

O prazo de presentación das solicitudes que se acollan a este programa comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e é de 20 días naturais.

### Quinta.-*Contía global e financiamento das axudas.*

O importe total das axudas económicas sera de 6.600 euros e efectuarase con cargo á partida orzamentaria 42207.48900 do orzamento prorrogado para 2009 do organismo autónomo Terra de Sanxenxo.

*Sexta.-Criterios de concesión e distribución das axudas.*

A asignación de subvencións farase en función dos seguintes criterios:

a) Residir no concello de Sanxenxo: 10 puntos. Este feito será obxecto de verificación polos servizos municipais competentes logo de declaración responsable adxunta á solicitude.

b) Nota media do expediente académico: ata 10 puntos.

c) Renda familiar: ata 10 puntos.

A contía global establecida repartirase en axudas individuais de 300 euros e adxudicaráselles aos solicitantes con máis puntuación obtida.

### Sétima.-*Instrución e resolución.*

Será competente para instruír o procedemento, así como para formular a correspondente proposta de resolución, a concelleira de Cultura e Educación.

A Concellaría de Cultura e Educación comprobará que as solicitudes cumpren co establecido nesta convocatoria e, se é o caso, requirirá os interesados para que, nun prazo de 10 días hábiles, emenden as faltas ou presenten os documentos perceptivos, con indicación de que, se non o fixesen, teranse por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de avaliación, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das axudas, seguindo os criterios recollidos no punto 6º desta convocatoria.

A Concellaría de Cultura e Educación, unha vez finalizado o estudo e valoración das solicitudes pola

comisión de avaliación, e antes de redactar a proposta de resolución, expoñerá na web municipal <http://www.sanxenxo.es> a proposta provisional de axudas concedidas. Así mesmo, concederánlles un prazo de 10 días para que formulen alegacións e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes.

Estudadas e valoradas as alegacións presentadas, a concelleira de Cultura e Educación elevará proposta de resolución á presidenta do organismo autónomo Terra de Sanxenxo, indicando a concesión ou denegación das axudas solicitadas e, de ser o caso, a exclusión daqueles solicitantes que non reúnan algún dos requisitos desta convocatoria.

A resolución será ditada pola presidenta do organismo autónomo Terra de Sanxenxo. O prazo para ditar e notificar a resolución será de 6 meses e contarase desde o día seguinte ao da finalización do prazo de solicitude.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do organismo autónomo Terra de Sanxenxo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Transcorrido o prazo de 6 meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e co artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o organismo autónomo Terra de Sanxenxo publicará na páxina web do Concello de Sanxenxo e no *Diario Oficial de Galicia* a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación nos medios citados.

#### Oitava.-*Comisión de avaliación.*

Crearase unha comisión para valorar as solicitudes presentadas que estará composta por:

-Presidencia: a presidenta do organismo autónomo Terra de Sanxenxo ou persoa en quen delegue.

-Vogais: a concelleira de Cultura e Educación, o concelleiro de Xuventude e Deportes e a técnica de Educación.

-Secretaria: a técnica de Cultura, con voz e sen voto.

#### Novena.-*Pagamento.*

Unha vez resoltas as axudas faranse efectivas nun só pagamento directamente ao solicitante a través de transferencia bancaria á conta indicada polo preceptor.

#### Décima.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Unha vez notificada a concesión da axuda, o beneficiario presentará, no prazo de 10 días hábiles no Rexistro do organismo autónomo Terra de Sanxenxo, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes segundo o anexo I que poderá recollerse no Rexistro do organismo autónomo Terra de Sanxenxo.

O beneficiario está obrigado ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

#### Décimo primeiro.-*Compatibilidade das axudas.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou axudas de carácter xeral procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### Décimo segundo.-*Perda das axudas.*

A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades a que houber lugar.

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Sanxenxo, 6 de maio de 2009.

Catalina González Bea  
Presidenta do organismo autónomo Terra  
de Sanxenxo